



ilustre
colexio oficial de médicos
de ourense

XXXIX PREMIO MANUEL CABALEIRO GOÁS



Fundación
Galenus Auriensis

Contacta:

988 210 593

colegiomedico@cmourense.org

www.cmourense.org



Premio Manuel Cabaleiro Goás

O Padroado da Fundación Galenus Auriensis e o Colexio Oficial de Médicos de Ourense, decidiu convocar o XXXIX Premio "MANUEL CABALEIRO GOÁS"

Bases

- Poderá participar calquera médico/a inscrito/a no Colexio de Médicos de Ourense durante un período superior a seis meses que inclúa o ano 2023.
- O tema será libre pero deberá ter carácter médico - científico e investigación.
- Valorarase de maneira especial a calidade científica, innovación e impacto clínico social do traballo.
- O premio serán 2.700 € e diploma.
- Os traballos terán una extensión máxima de 50 folios numerados tamaño DIN-A4. Deberán estar escritos nun interlineado a 1,5 e con letra modelo "Times New Roman" ou "Arial" a tamaño 14 por unha soa cara.
- O traballo deberá ser presentado nun dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os traballos deberán ser inéditos e orixinais.
- Os traballos orixinais entregaranse en formato dixital ou remitidos ó correo electrónico: colegiomedico@cmourense.org. Non deberá figurar ningún dato que permita identificar os autores/as. Os traballos deberán dispoñer dunha portada onde figure o título deste e un lema. Acompañaranse dun sobre pechado co lema escrito no seu exterior e cos seguintes datos no seu interior: nome e apelidos do/a autor/a ou autores e os seus respectivos números de colexiación.
- Non se admitirán traballos que se entrequen con posterioridade ás 12 horas do día 31 de outubro do 2023.
- O premio poderá declararse deserto.
- No caso de que a calidade dalgún traballo o mereza poderá otorgarse una mención especial premiada con diploma honorífico e 300 €



Tribunal

Presidente/a:

- O/A Presidente/a do Colexio de Médicos de Ourense.

Vogais:

- O/A Xefe/a Territorais da Consellería de Sanidad ou o seu equivalente regulamentario.
- O/A Presidente/a da Academia Médico-Quirúrxica.
- Os/As Vicepresidentes/as designados polo ICOMOu.
- O/A Decano da Facultade de Medicina.
- Un membro designado do Grupo de Formación Continuada do ICOMOu.
- O/A Director/a Médico do CHUO ou o seu equivalente regulamentario.
- O/A primeiro/a asinante do traballo gañador na edición anterior do Premio.

Secretario:

- O/A Secretario/a do Colexio de Médicos de Ourense.

- O/A Secretario/a limitarase a levantar acta da reunión do Tribunal carecendo de voz nas deliberacións e de voto. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente/a.
- Se por motivos xustificadas algún dos membros do Tribunal non puidese asistir á reunión do Tribunal deberá remitir o seu voto en sobre pechado ao secretario que o abrirá no momento no que o Tribunal faga a súa deliberación.
- As decisións do Tribunal serán inapelables salvo incumprimento das bases. Se algún traballo fose excluído do trámite das deliberacións a devandita circunstancia será notificada a interesado expresando os motivos que o xustifican.
- O fallo darase a coñecer na última quincena do mes de decembro do 2023. A entrega de premios realizarase en data que se determinará con posterioridade.
- Autorízase a publicación dos traballos presentados.
- A participación supón a aceptación destas bases.